

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS QUE REGULARAN A CONTRATACIÓN DE PERSOAL O ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

EXPEDIENTE: 2017/G003/000048

ANTECEDENTES:

Concello de Moeche presentou unha solicitude ao abeiro das Bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia na anualidade 2017, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 243 do 26/12/2016.

A Deputación Provincial da Coruña concedeu a este Concello a correspondente subvención para o financiamento da dita actuación, e dado que conforme á natureza das Bases do referido programa provincial, e máis concretamente segundo o establecido na base 7 das específicas da Convocatoria, o Concello poderá realizar a contratación do persoal a través del Servizo Público de Emprego.

Así mesmo establécese nas ditas bases que as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral especificada na súa base 2.1.

Con data de 03/04/2017 foi publicada a resolución de concesión da subvención (BOP núm. 63), a través da cal contrataranse os seguintes postos temporais:

POSTO	MODALIDADE DE CONTRATACIÓN
1 condutor-tractorista	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 5 meses, xornada parcial de 30 horas semanais
2 Peóns de obras públicas	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 5 meses, xornada parcial de 30 horas semanais

Unha vez formulada a oferta de emprego, procede aprobar as bases específicas para a contratación do persoal, de acordo co establecido nas bases publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 243 do 26/12/2016.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases específicas que regularan a contratación de persoal o abeiro do programa de integración laboral (PIL) da Deputación Provincial da Coruña e que se inclúen como anexo o presente decreto

SEGUNDO: Nomear como tribunal cualificador encargado de valorar a proba aos seguintes membros:

Presidenta: Cristina Sueiras Rodriguez, funcionaria do Concello de Moeche ou persoa que a substitúa

Secretaria: Consolación Couce Calvo, secretaria do Concello de Meche ou persoa que a substitúa

Vocais:

- Antonio García Méndez, funcionario do Concello de Moeche ou persoa que o substitúa.
- Juan Carlos Sueiras Luaces, persoal laboral fixo do Concello de Moeche ou persoa que o substitúa.

O tribunal queda convocado para o mércores, día 7 de xuño, as 10,00 horas para a valoración dos méritos aportados polos aspirantes

TERCEIRO.- Convocar os aspirantes para a realización da proba práctica que se celebrará o xoves, día 8 de xuño de 2017 á 10:00 horas para o condutor e á 12:30 horas para os peóns. O lugar de presentación será no Concello de Moeche.

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE VARIOS POSTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2017

O Concello de Moeche presentou unha solicitude ao abeiro das Bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia na anualidade 2017, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 243 do 26/12/2016.

A Deputación Provincial da Coruña concede a este Concello a correspondente subvención para o financiamento da dita actuación, e dado que conforme á natureza das Bases do referido programa provincial, e máis concretamente segundo o establecido na base 7 das específicas da Convocatoria, o Concello poderá realizar a contratación do persoal a través del Servizo Público de Emprego.

Así mesmo establécese nas ditas bases que as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalguna das situacións de exclusión laboral especificada na súa base 2.1.

Con data de 03/04/2017 foi publicada a resolución de concesión da subvención (BOP núm. 63), a través da cal contrataranse os seguintes postos temporais:

POSTO	MODALIDADE DE CONTRATACIÓN
1 condutor-tractorista	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 5 meses, xornada parcial de 30 horas semanais
2 Peóns de obras públicas	OBRA/SERVIZO (Interese Social) 5 meses, xornada parcial de 30 horas semanais

Peón: as súas funcións serán as de prestar auxilio no departamento de Obras e servizos á hora de realizar pequenas obras e reparacións en instalacións municipais vinculadas a servizos mínimos, limpeza e desbroce de camiños e vías municipais, xardinería así como tarefas de recollida de lixo e tratamento primario dos diferentes tipos de residuos recollidos.

Conductor: As súas funcións serán as de guiar o camión municipal de recollida de residuos, así como a maquinaria agrícola, de cara a realizar tarefas de roza e limpeza de vías municipais e maquinaria pública en xeral,

PRIMEIRA.-OBJECTO.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de tres traballadores/as, para dar cumprimento as condicións esixidas na subvención concedida ao Concello en relación co programa de integración laboral mediante a execución das obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2017 (BOP n.º 243, do 26 de decembro de 2016) para levar a cabo a actuacións limpeza, areas verdes roza, sega, pequenas obras de reparación e mantemento das infraestruturas, recollida de lixo, desbroce, e mobiliario de titularidade municipal,

As retribucións son as correspondentes á praza de peón ou conductor existente no cadro de persoal do Concello.

SEGUNDA: O procedemento de selección será o seguinte:

1. Introducción da oferta no SPEG, sondaxe e derivación dos candidatos e candidatas por parte do dito servizo
2. Fase de concurso
3. Fase de oposición
4. Puntuación final e proposta de candidatos/as á Alcaldía. No caso de empate terá/n preferencia a/s persoa/s que non perciba/n ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado a tempo parcial

TERCEIRA.-;REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.

Estar inscrito no Servizo Galego de Colocación como demandante non ocupado tanto no momento da selección como no da formalización do contrato

Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea e ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes tarefas. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Estar nalgunha das situacións de exclusión social que a continuación se relacionan o que deberá acreditarse no prazo de presentación de solicitudes mediante a documentación que tamén se indica:

Situación de exclusión

Documentación a achegar

Mulleres

Fotocopia do DNI

Maiores de 45 anos

Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido

Fotocopia do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente

Persoas en situación de drogodependencia

Persoas con fogar onde ninguén teña emprego

Persoas con fogar monoparental

Informe dos servizos sociais municipais

Persoas sen fogar

Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais

Persoas vítimas de violencia de xénero

Sentenza xudicial firme ou informe dos servizos sociais municipais

Parados de longa duración (mínimo 2 anos como demandantes de emprego)

Informe de Vida Laboral actualizado

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

As persoas que tomen parte nesta convocatoria deberán presentar unha instancia no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais, no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo cinco días naturais desde que as persoas seleccionadas polo Servizo de Emprego Público se presenten no Concello sempre dentro da data que lles indicase o Servizo de Emprego Público como data límite para presentarse no Concello, acompañando á instancia os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento de identificación.
- Fotocopia compulsada Tarxeta de demandante de emprego.
- Documento xustificativo de estar cando menos nunha situación de exclusión social de conformidade co previsto na base segunda.

- Declaración responsable na que se faga constar non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou Emprego Público, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme. Os nacionais dos demais Estados deberán acreditar, ademais da súa nacionalidade e dos requisitos a que fan referencia os apartados anteriores, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública. Dita acreditación efectuarase mediante certificados expedidos polas autoridades competentes dos seus países de orixe.
- Currículo, achegando a documentación xustificativa, debidamente compulsada, dos méritos que se aleguen, de conformidade co previsto nas presentes bases.

QUINTA.- SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

A selección constará das seguintes fases:

A) FASE DE CONCURSO, na que se valorarán os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional, debidamente acreditada en traballos similares, ata un máximo de 4 puntos.

- En calquera das Administracións públicas, 0,02 puntos por mes de traballo.
- Na empresa privada, 0,01 puntos por mes de traballo.

Para os efectos de xustificación de experiencia laboral, só serán valorados aqueles méritos que teñan a súa orixe nunha relación baseada nun contrato de traballo e xustificada de forma fidedigna mediante informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dos correspondentes contratos ou certificado de servizos prestados

b) Formación, ata un máximo de 6 puntos.

b.1- Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, e con acabado favorable: 1 punto por cada programa rematado favorablemente, ata un máximo de 3 puntos

b.2.- Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos aspirantes, en calidade de alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. Para este último caso os aspirantes deberán aportar o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do curso, xornada, seminario ou congreso. Cada curso será valorado 0,01 puntos hora, ata un máximo de 2,25 puntos..

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez.

B-3 Por cursos realizados de lingua galega , iniciación , perfeccionamento ou Celga organizados pola Xunta de Galicia. Non se acumulará a puntuación de cursos neste apartado, valorarase o de maior nivel.

Celga 2 ou Galego oral: 0,25

Celga 3 ou Iniciación: 0, 50

Celga 4 ou Perfeccionamento 0.75

B) FASE DE OPOSICIÓN

1.- PROBA PRÁCTICA

Realizarase una proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar. Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración de todos os exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

SESTA..- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

- 1.- A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.
- 2.- No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta :
 - 1.º.- A puntuación obtida na proba practica da fase de oposición.
 - 2.º.- ;A puntuación obtida por experiencia laboral da fase de concurso
 - 3.º.- A puntuación obtida por formación da fase de concurso
 - 4.º.- Persoas paradas de longa duración
 - 5.- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
 - 6.- Persoas con discapacidade.
- 3.- Concluído o proceso selectivo previstas na fase de oposición, o Tribunal Cualificador fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica, a relación de aspirantes con indicación da puntuación obtida. A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía.

A alcaldesa formalizará o correspondente contrato de traballo co respectivo aspirante, por orde de maior puntuación, a medida que se produza unha vacante de posto de traballo nos servizos a que se refire a cláusula primeira e durante a vixencia do Programa de Integración Laboral 2017.

No caso de que un aspirante fose chamado en tres ocasións para cubrir vacantes e de que non aceptase o posto en ningún dos casos (sen que alegase causas xustificadas), pasará ao final da lista.

No prazo de dous días e previo a formalización do contrato os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.
- b) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego actualizada

SETIMA. COMISIÓN CUALIFICADORA.

A Comisión Cualificadora constará dun/ha presidente/a, dous vogais: funcionarios/as ou persoal laboral fixo de Administración local e un/ha secretario/a (con voz pero sin voto), e haberá de cumprir os requisitos sinalados no art.60 do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e demais normativa aplicable. Todos os membros da Comisión cualificadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. A Comisión estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Presidente.- D. Cristina Sueiras Rodriguez

Vocais.- D. Juan Carlos Sueiras Luaces e D. Antonio García Méndez

Secretaria, con voz pero sin voto.- D. Consolación Couce Calvo

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista para as probas selectivas correspondentes, que se limitará a prestar a súa colaboración nas súa especialidade.

Os membros da comisión cualificadora terán o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade co disposto no R.D. 462/2002 e lexislación complementaria.

OITAVA...-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

NOVENA..- RECURSOS.

a) Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

b) Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado

desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

c) Todo iso sen prexuízo do que poida exercer calquera outro que considere procedente

DÉCIMA..No non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Estatuto dos Traballadores

ANEXO I

DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS PARA A PRAZA DE CONDUTOR TRACTORISTA

PRIMEIRA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A PRAZA DE CONDUTOR OPERARIO

Ademais das establecidas na clausula 4, os aspirantes a praza de condutor operario deberán cumprir os seguintes requisitos

1. Estar en posesión do permiso de conducir C
2. Estar en posesión do certificado de aptitude profesional (CAP)

SEGUNDA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Ademais da establecida na clausula 5, os aspirantes a praza de condutor operario deberán presentar a seguinte documentación

- 1 Fotocopia compulsada do Permiso de conducir
- 2.Fotocopia compulsada do Certificado de aptitude profesional (CAP)

TERCEIRO.- FASE DE OPOSICION

1- PROBA PRÁCTICA

Realizarase unha proba práctica para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, consistentes na realización de varios traballos relacionados coas tarefas a desempeñar, (condución do camión do lixo, limpeza de camiños...)

ANEXO II

DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS PARA AS PRAZAS DE PEONS

PRIMEIRA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA AS PRAZAS DE PEONS

Ademais das establecidas na clausula 4, os aspirantes a praza de condutor operario deberán cumprir os seguintes requisitos

1. Estar en posesión do permiso de conducir B

SEGUNDA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Ademais da establecida na clausula 5, os aspirantes a praza de condutor operario deberán presentar a seguinte documentación

1. Fotocopia compulsada do Permiso de conducir

TERCEIRO.- FASE DE OPOSICION

1.- PROBA PRÁCTICA

Realizarase una proba práctica para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, consistentes na realización de varios traballos sinxelos, recoñecemento de ferramentas ou produtos .

En Moeche, luns 29 de maio de 2017.

A alcaldesa,

Beatriz Bascoy Maceiras